


CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES
Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfno. 29 00 00

Data 01/07/1996	Referencia Exp. 306	Destinatario
Asunto Resolución de expediente de calificación de monte veciñal en man común.		Sr. Xefe do Servicio de Montes e I.F.

XUNTA DE GALICIA DELEGACIÓN DE AGRICULTURA GANDERÍA E MONTES = A CORUÑA = 13 AGO 1996 ENTRADA Nº..... SAIDA Nº.....12249.....

Aos efectos oportunos poño no seu coñecemento a Resolución do expediente de calificación nº 306 do monte "O Son", do lugar de O Son, parroquia de Cée, concello de Cée, segundo o acordo deste Xurado na súa reunión de data 1 de xullo de 1996:

"Reunido na data 1 de xullo de 1996 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña, baixo a Presidencia do Ilmo. Sr. Delegado da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, D. Rogelio Aramburu Núñez, coa asistencia do Vicepresidente Ilmo. Sr. D. Angel Barallo Sánchez, Maxistrado da Audiencia Provincial de A Coruña, os Vocais, D. Federico Sánchez Rodríguez, Xefe do Servicio de Montes e I.F., D. Ramón Olano Calleja, Letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta, D. Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados de A Coruña e do Secretario D. Manuel Puente Araújo, Letrado da citada Delegación. O vocal D. José Manuel Caramés Franco, representante das Comunidades Veciñais de Montes en Man Común xustificou a súa ausencia por motivos laborais. Reunidos nesta data para estudar e resolve-lo

Expediente nº 306
 Monte: O Son
 Lugar: O Son
 Parroquia: Cée
 Concello: Cée

1º RESULTANDO que diversos veciños do lugar de O Son, parroquia de Cée, concello de Cée, solicitaron con data 15/01/1993 deste Xurado, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:

Superficie: 29,18 Ha.

Lindeiros:

Coincide coa parcela 546, polígonos 16 e 19 do Catastro de Rústica. Dentro da mesma compréndese o monte "San Andrés", dunha superficie de 11,52 Ha., e excluído da presente calificación.

NORTE: Hrdos. de Celestino Canosa.

LESTE: Camiño de Toba ao Son, J. Bouzas, camiño público, Hrdos. de María Trillo, de novo camiño público e camiño de Toba ao Son, José Caeiro e outro, S. Roget, Humberto Creus e camiño.

SUR: Alejandro Domínguez e outros, camiño Real que o separa do termo do concello de Corcubión.

OESTE: M. Castro, J. Yermo e outros.

2º RESULTANDO que á vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión de 18/05/1993, acordou iniciarlo oportuno expediente nomeándose como Instructor do mesmo a D. Juan Ramón Beneyto Bellas, quen aceptou expresamente dito cargo. Procedéuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Corcubión, oíndose a tódalas persoas, Organismos e Corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Cée, ao Xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 121 de 26/06/1995), taboleiro de anuncios do Concello e lugares de costume.

3º RESULTANDO que os veciños de O Son fundamentan a súa petición perante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común no aproveitamento desde tempos remotos de leñas, madeiras, esquilmos e pastos no citado monte, sin adscripción de cotas. Presentan acta de comparecencia ante Notario na que os máis vellos do lugar manifestan tal condición.

Asimesmo, o Concello de Cée informa sobre o monte, certificando a súa condición de veciñal en man común.

4º RESULTANDO que ante o presente expediente formulou alegación o Concello de Corcubión, o cal considera que parte do monte solicitado polos veciños de O Son é en realidade o monte San Andrés, aproveitado noutros tempos

polos veciños de Corcubión, incluído nos límites do concello de Corcubión e actualmente consorciado co Servicio de Montes da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Está incluído no Inventario de Bens do concello de Corcubión como ben de propios, e inscrito como tal no Rexistro da Propiedade.

5º RESULTANDO que na tramitación das presentes actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, eisixidas principalmente pola Lei 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92 de 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de Procedemento Administrativo e demais disposicións aplicables no caso.

Celebrada sesión no día de hoxe, á que se citaron en legal forma tódolos interesados no expediente, comparecieron o alcalde de Corcubión e os veciños de O Son promotores da calificación, ratificándose nas súas alegacións. Ambas partes comprometéronse a respecta-los posibles acordos preexistentes en relación ao deslinde entre os montes de "O Son" e "San Andrés", recoxidos, ao parecer, nunha Acta ante notario do concello de Corcubión. Ditos acordos teránse en conta ao obxecto da aprobación dunha acta de apeo.

VISTOS os preceptos das disposicións citadas e demais de xeral aplicación.

1º CONSIDERANDO que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer do presente expediente en virtude do disposto nos arts. 9 e 10 da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común.

2º CONSIDERANDO que en conformidade co contido do art. 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, os veciños de O Son, parroquia de Cée, concello de Cée, son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º CONSIDERANDO que en relación á alegación presentada polo Concello de Corcubión, unha vez recoñecido o terreo por técnicos do Servicio de Montes e recabada a oportuna información do Servicio Xeográfico, comprobouse que o monte San Andrés está incluído no monte "O Son" solicitado como veciñal polos veciños do lugar de O Son e situado polo tanto fora dos límites do concello de Corcubión, estando suficientemente probados os aproveitamentos que ven facendo o Concello de Corcubión no citado monte, habendo constancia documental do que alega no Resultando 4º desta Resolución en canto á propiedade e pacífica posesión do mesmo.

4º CONSIDERANDO que o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sin asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con "casa aberta" dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (arts. 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento de 4 de setembro de 1992).

5º CONSIDERANDO que das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do que se expresa no 3º Resultando, se deduce de forma indiscutible que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á Comunidade Veciñal de o lugar de O Son, parroquia de Cée, no que se cumpren os aludidos requisitos.

Por iso, este Xurado á vista dos antecedentes e Fundamentos de Dereito expostos, nesta data,

ACORDA calificar como Monte Veciñal en Man Común da Comunidade Veciñal do lugar de O Son, parroquia de Cée, concello de Cée, o denominado Monte "O Son", cos lindeiros, superficie e características que figuran no primeiro Resultando, se ben se procede á exclusión do perímetro do denominado monte "San Andrés", reivindicado na súa propiedade polo Concello de Corcubión, procedíndose ao seu apeo, do que levantarase a correspondente acta. Asimesmo,

acórdase excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Agricultura, Gandería e Montes de A Coruña".

A Coruña, 1 de xullo de 1996

Vº e Pr.
O PRESIDENTE,



Asdo. Rogelio Aramburu Nuñez

O SECRETARIO DO XURADO,



Asdo. Manuel Punte Araujo



PROVINCIA: LA CORUÑA	MUNICIPIO: CEE
-----------------------------	-----------------------

CARPETA-FICHA DEL MONTE:

" FORAL DEL SON "

COMUNIDAD PROPIETARIA

V^S:

SON

CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
C	23	3. 9	1

SUPERFICIE

HECTAREAS
66

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N. monte
C	23	3.9	1

CLAVE DEL MONTE

● 3.- ESTADO FISICO

Ref.* Indice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

El monte "FORAL DE SON" está situado al O. de este pueblo y sus fincas particulares, enclavado totalmente entre éstas; habiendo estado partido por el antiguo límite entre término municipales de Cés y Corcubión, en la actualidad está enclavado totalmente en término municipal de Cés, al N. de la línea "Alto de Guimareu-San Andrés-Ca de S. Andrés-Baldío de Son-Forcas", establecida como nuevo límite por la resolución del Ministerio de la Gobernación de 13-8-1.962.

Está formado por la parte alta del "cabezo" que se interpone entre Guimareu por el O. y Son por el E. y la parte alta de las laderas de bajada a las fincas particulares.

El terreno es bastante accidentado, con pendientes uniformes y relativamente suaves, con altitudes comprendidas entre los 50 y 206 m.

Los únicos accesos directos son los caminos de servicio desde SON, con enlace por carretera por el E. y N.

3.2 SUPERFICIE.

66 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3 LINDEROS.

N.- Fincas de Granja de Cés.

Prov.º	Munic.º	Comunidad Pop.º	N.º monte
C	23	3.9	1

CLAVE DEL MONTE

3.3

- E.- Fincas particulares de Son.
- S.- Término municipal de Corcubión.
- O.- Fincas particulares de Guimareu.

3.4

DESCRIPCION DEL PERIMETRO.


Como se ha dicho, el monte "FORAL DE SON" está enclavado entre fincas particulares, siendo el único límite destacable por el S. la nueva línea establecida como límite entre los términos municipales de Corcubión y Cae por la Resolución del Ministerio de la Gobernación de 13-8-1.962, que en lo que afecta a este monte está definida por los puntos: "Alto de Guimareu-San Andrés-Cº de San Andrés-Baldío de Son-Forcas".

3.5

OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES

El límite de este monte "FORAL DE SON" con las fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que éstas han invadido terrenos de monte que han sido parcelados. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que puede pertenecer al monte de referencia.

En caso de que este monte llegara a ser calificado como vecinal en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.



Término de Corcubión

C	23	3.9	1
---	----	-----	---